



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE ORDES NO ANO 2020

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

Co obxectivo de fomentar a práctica deportiva e a súa participación nas competicións oficiais dos/as deportistas do Concello de Ordes, en deportes de carácter individual, realízase a presente convocatoria de axudas.

A dotación económica total da presente convocatoria será de **OITO MIL EUROS (8.000,00 €)**, con cargo aos orzamentos para 2020, prorrogados do 2019, na súa aplicación presupostaria 341.480.00.

As bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

SEGUNDA.- Requisitos xerais

Os/as solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos no momento da presentación da solicitude:

- 1.- Ter nacionalidade española e 12 anos ou máis cumpridos na data do último día de prazo de presentación de solicitudes.
- 2.- Estar empadroadado no Concello de Ordes na data de aprobación destas bases e telo estado con anterioridade polo menos de dous anos.
- 3.- Dispoñer de licenza federativa en vigor.
- 4.- Ter participado en calquera competición ou proba oficial de nivel autonómico ou superior e/ou convocatorias das seleccións galega ou española da especialidade, durante o ano 2019.
- 5.- Non ser beneficiario de Bolsa ADO no ano 2019 e 2020.
- 6.- Non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición do artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- Solicitudes e documentación

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se achega ao final destas bases (Anexo I), e que tamén se poderán conseguir no Departamento de Deportes do Concello de Ordes ou na páxina web www.ordes.gal

O prazo de presentación das solicitudes será de vinte días hábiles dende a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no rexistro xeral do Concello de Ordes ou en calquera das formas dispostas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPA).

As solicitudes achegaráselles a seguinte documentación mediante copia compulsada:

- DNI do solicitante.
- Certificado de empadramento no Concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Licenza federativa en vigor a data da publicación desta orde.
- Certificación da Federación Deportiva correspondente ou documento de organismo oficial que acredite a participación nos campionatos ou probas oficiais de ámbito autonómico ou superior e/ou convocatorias cas seleccións galega ou española da especialidade durante o ano 2019.
- Declaración responsable de non ser beneficiario de Bolsa ADO no ano 2019 e 2020 e non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición do artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

CUARTA.- Baremación

Para a valoración das solicitudes presentadas terase en conta a participación nos seguintes campionatos ou probas oficiais de acordo coa seguinte baremación:

- Categoría senior:

CAMPIONATO	CLASIFICACIÓN				
	1º	2º	3º	4º a 8º	Outras clasificacións
Xogos olímpicos	100	90	80	60	40
Campionato do Mundo	100	90	80	60	40
Campionato de Europa	90	80	70	50	30
Outros campionatos ou probas internacionais	80	70	60	40	20
Campionato de España	80	70	60	40	20
Outros campionatos ou probas de ámbito estatal	60	50	40	20	10
Campionato de Galicia	60	50	40	20	10

- Categoría infantil, cadete, xuvenil ou junior:

CAMPIONATO	CLASIFICACIÓN				
	1º	2º	3º	4º a 8º	Outras clasificacións
Xogos olímpicos da xuventude	90	80	70	50	30
Campeonato do Mundo	80	70	60	40	20
Campionato de Europa	80	70	60	40	20
Outros campionatos ou probas internacionais	60	50	40	20	10
Campionato de España	60	50	40	20	10
Outros campionatos ou probas de ámbito estatal	50	40	30	10	5
Campionato de Galicia	50	40	30	10	5

Por cada asistencia a convocatorias da selección española ou galega:

CATEGORÍA	SELECCIÓN	
	ESPAÑOLA	GALEGA
Infantil, cadete ou xuvenil	15	10
Senior	30	20



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Non se terán en conta resultados obtidos nas modalidades nas que a participación sexa por equipos ou relevos.
- Só se terán en conta as clasificacións finais en cada competición.
- No caso de que o campionato teña unha duración anual ou de tempada, estando formada por diferentes probas durante ese período, asemade da clasificación final terase en conta a clasificación nas diferentes probas.

QUINTA.- Procedemento de concesión, Comisión de Avaliación e resolución

A concesión das bolsas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva.

Publicarase na web e taboleiro de anuncios do Concello de Ordes a relación provisional das solicitudes presentadas, admitidas e excluídas, co motivo da causa de exclusión e necesidade de subsanación no prazo de dez días hábiles dende o seguinte á publicación. En caso de non enmendar a causa de exclusión terase por desistida a solicitude.

Unha vez transcorridos os prazos de emenda publicarase nos mesmos medios a relación definitiva de admitidos e de excluídos.

A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a: O Alcalde Presidente ou persoa en quen delegue.

Secretario/a: O Secretario Xeral.

Vogais:

- A Concelleira delegada de deportes.
- Interventor Xeral.
- Técnico de Deportes.

Unha vez realizada a baremación e establecidas as puntuacións pola Comisión de Avaliación, as bolsas distribuiranse do seguinte xeito: 5 bolsas de 600 € (do 1º solicitante con maior puntuación ao 5º), 5 bolsas de 450 € (do 6º ao 10º) e 11 de 250 € (do 11º ao 21º).

Se fôra necesario resolver o empate a puntos entre dúas ou máis solicitudes, darase prioridade ao/s solicitante/s de maior idade.

Á vista da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, a Xunta de Goberno Local ditará resolución dos seguintes extremos:

- Relación de solicitantes aos que se lle concede a bolsa.
- Contía concedida.
- Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.
- Recursos que se poderán interpoñer contra esta e prazo de presentación destes.
- Calquera outra condición particular que deba cumprir o beneficiario.

A publicación na web (www.ordes.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos segundo o establecido no art. 45.1.b da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPA).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

SEXTA.- Abono e xustificación

Para a xustificación da bolsa concedida, os beneficiarios deberán presentar unha conta xustificativa, segundo o modelo Anexo (Anexo II), no cal indicarán unha breve descrición das actividades subvencionadas realizadas, así como unha relación das facturas xustificativas de gastos realizados durante o ano 2020 e dos ingresos percibidos para a dita finalidade, con data límite o día 10 de decembro de 2020.

Acompañarase xunto con:

- Certificado bancario de número de conta.
- Declaración xurada de que os gastos xustificados foron realizados con relación ás necesidades deportivas.

Considéranse gastos válidos para xustificar a bolsa concedida:

- Os derivados da adquisición e compra de material e equipamento técnico deportivo para o adestramento e a competición. Este material non poderá ser inventariable.
- Os derivados dos desprazamentos necesarios para a consecución dos obxectivos deportivos previstos, que estarán debidamente xustificadas.
- Revisións médicas, probas de esforzo, e outros que poidan ser recoñecidos como indispensables para a consecución dos obxectivos deportivos previstos.
- En ningún caso se terán en conta as facturas derivadas de produtos farmacéuticos e protésicos.

Transcorrido o prazo para xustificar a bolsa, sen realizarse debidamente a xustificación, producirase a perda do dereito de cobramento da axuda.

SÉTIMA.- Disposición adicional

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Ordes, e demais normativa aplicable.

Ordes, 29 de maio de 2020

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANEXO I

BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS 2020

1. DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS:		NOME:	
DNI:		DATA DE NACEMENTO:	
DOMICILIO			
ENDEREZO:			
CÓDIGO POSTAL:		CONCELLO:	
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:	
DATOS DO PAI, NAI OU TITOR/A (só no caso de menores de idade)			
APELIDOS:		NOME:	
DNI:		DATA DE NACEMENTO:	

2. DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Fotocopia compulsada do DNI do solicitante.
- Certificación de estar empadroadado no Concello de Ordes á data de aprobación das bases e telo estado con anterioridade polo menos dous anos.
- Fotocopia compulsada da licenza federativa en vigor a data da publicación da orde
- Certificación da federación deportiva correspondente ou documento de organismo oficial que acredite e enumere a participación en campionatos oficiais de ámbito provincial ou superior e /ou convocatorias cas seleccións galega ou española da especialidade durante o ano 2019.

3. DECLARACIÓN

A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade, que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, e que:

- Non estar incurso nos supostos de prohibición para ser beneficiario destas axudas establecidos no punto segundo das bases da convocatoria.
- Cumprir os requisitos esixidos na convocatoria.
- Non ser beneficiario da Bolsa ADO nos anos 2019 e 2020.
- Que a data da convocatoria non está sancionado/a por infracción grave ou moi grave, que houbera adquirido firmeza, por dopaxe, conducta antideportiva, o por actuacións que tiveran como consecuencia a privación da licenza, a suspensión da mesma por período superior a seis meses ou a expulsión definitiva da competición.

En, _____, a ____ de _____ de 2020

A persoa solicitante
(pai/naí ou titor/a no caso de menores de idade)



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES

ANEXO II

CONTA XUSTIFICATIVA DA CONCESIÓN DE BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDIAIS ANO 2020

D. _____, con DNI _____, e
endereço en _____

Coma representante a nai, pai ou titor/a (só no caso de menores de idade):

D. _____, con DNI _____

- 1. MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS E DOS RESULTADOS OBTIDOS NO ANO 2020 (anexar documento).**
- 2. DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE OS GASTOS NOS QUE SE INCORREU DERIVADOS DA ACTIVIDADE DEPORTIVA SUBVENCIONADA FORON OS QUE DE SEGUIDO SE RELACIONAN (anexar documento no caso de necesitar máis espazo):**

Provedor/empresa	CIF	Nº factura	Concepto	Importe

- ☐ Que os xustificantes dos gastos atópanse para a disposición do Concello de Ordes, para o seu exame, en caso de ser requiridos.
- ☐ Que os gastos que arriba se detallan son reais e se aplicaron á actividade subvencionada.

3. OUTROS INGRESOS OU SUBVENCÍONS PARA O FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

- ☐ NON
- ☐ SI

IMPORTE	
PROCEDENCIA	

Ordes, _____ de _____ de 2020

A persoa solicitante
(pai/nai ou titor/a no caso de menores de idade)



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES